

ANEXO III

MODELO DE ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN POLO USUARIO

Don/Dona con NIF

- no meu nome
 no nome da comunidade de propietarios que represento.

DECLARA:

- 1.- Que desexa acollerse ás axudas establecidas na orde de concesión de axudas da Consellería de Economía e Industria para a renovación de equipamentos individuais de gas na Comunidade Autónoma de Galicia, do __ de _____ de 2010.
- 2.- Que non está incurso (o propietario no caso de vivendas e os propietarios e a comunidade no caso de ser unha comunidade de propietarios) en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos números 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 3.- Que coñece as causas de reintegro de axudas públicas nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 4.- Que non ten solicitado nin recibido ningunha axuda de ningún organismo público ou privado para este proxecto, que ten a obriga de comunicar á consellería a concesión de calquera axuda para o mesmo investimento e que coñece que esta axuda non é compatible con outras.

E para que conste para os efectos oportunos, asino esta declaración.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Sinatura:

Orde do 12 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde do 6 de xullo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (códigos de procedemento IN841A, IN841B, IN841C, IN841D e IN841E).

Pola Orde do 6 de xullo de 2010 aprobáronse as bases que rexen a convocatoria de subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

Co obxecto de lograr unha maior eficacia na xestión dos procedementos das subvencións que se regulan nesta orde de convocatoria de axudas, cómpre introducir nela unha modificación, polo que

DISPOÑO:

Artigo 1º

Modificación da Orde do 6 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano

2010 (códigos de procedemento IN841A, IN841B, IN841C, IN841D e IN841E).

As bases reguladoras desta orde de convocatoria modifícanse nos seguintes termos:

Modifícase o artigo 18.1º da orde mencionada, que pasará a ter a seguinte redacción:

Prazos de presentación da documentación xustificativa:

-Expediente dunha anualidade: 15 de novembro de 2010.

-Expedientes plurianuais (1ª anualidade): 30 de novembro de 2010.

-Expedientes plurianuais (resto de anualidades): 31 de outubro da anualidade de que se trate.

Artigo 2º

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, e manterase a validez das presentadas con anterioridade á presente modificación, ao abeiro da Orde do 6 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (códigos de procedemento IN841A, IN841B, IN841C, IN841D e IN841E).

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 115/2010, do 8 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2010/2011.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, BOE do 24 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, establece no seu

artigo 81.3º b) que lle corresponde á Comunidade Autónoma fixar as taxas académicas polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, dentro dos límites que a nivel estatal establece a Conferencia Xeral de Política Universitaria. Para os restantes estudos serán fixados polo consello social da respectiva universidade, de acordo co disposto no artigo 81.3º c) da citada lei orgánica, e no artigo 4.e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia.

A Lei 8/1989, do 13 de abril (BOE do 15 de abril), de taxas e prezos públicos, outórgalles ás referidas taxas a consideración de prezos públicos. Pola súa parte a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 43 que se entende por prezos públicos.

Neste contexto normativo, este decreto fixa os importes que pagará o alumnado polos estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez nacional no ensino universitario, dentro dos límites que fixe a Conferencia Xeral de Política Universitaria, que este ano, na sesión celebrada o 25 de maio de 2010, fixou os límites dos prezos académicos e demais dereitos para estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais de primeiro e segundo ciclo e grao para o curso 2010-2011 en primeira matrícula: o límite mínimo de aumento dos prezos académicos e demais dereitos polos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais na porcentaxe de incremento do IPC, definido no período que vai do 30 de abril de 2009 ao 30 de abril de 2010, e o límite máximo no IPC incrementado en 4 puntos. O rango dos prezos públicos dos másters incrementarase nun 1,5% respecto ao aplicado no curso 2009-2010. Excepcionalmente as comunidades autónomas poderán modificar o límite superior dos prezos públicos dos novos estudos universitarios de posgrao regulados polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, ata un máximo equivalente ao 30% do custo.

Tendo en conta as previsións macroeconómicas xerais para Galicia, e a distinción entre ensinanzas renovadas, non renovadas e de grao, así como a diferenza entre o prezo da 1ª matrícula fronte ao prezo da 2ª e 3ª e sucesivas matrículas, e ao abeiro do establecido no artigo 47 da Lei de Galicia 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre fixar os prezos correspondentes ao ano académico 2010-2011 polos estudos universitarios conducentes a títulos oficiais, aplicando o incremento mínimo fixado pola Conferencia Nacional de Política Universitaria, é dicir, o 1,5% na tarifa primeira do anexo deste decreto, e mantendo os prezos do curso 2009-2010, é dicir, un incremento do 0%, para as tarifas segunda e terceira do citado anexo.

De conformidade co exposto, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas regulado-